

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO TURISMO NA RIBEIRA SACRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Consorcio Turismo Ribeira Sacra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio Turismo Ribeira Sacra para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción que se distribuirán en dúas anualidades:

Ano 2018:

1. Soportes de información
 - Actualizacións e edición de material de información impreso
 - Videotelling (para web e redes sociais)
2. Promoción
 - Festival de sendeirismo ou Raid (bici-piragua-escalada-carreira)
 - Pasaporte ás nubes de Ribeira Sacra (Ribeira Sacra en Globo)
3. Creación de produto:
 - 3.1 Rutas do Románico Ribeira Sacra.
 - 3.2 Viñobús Turístico.
 - 3.3 Programación caída da folla: Coa creación deste produto preténdese organizar estadias tematizadas no outono. Todas estas accións estarán respaldadas por unha campaña promocional que incremente o posicionamento como destino de interior e diferenciador do resto de destinos galegos.
 - 3.4. Catálogo de novos produtos: turismo xeolóxico, turismo familiar, turismo científico, programa de artesanía,...



Ano 2019:

1. Soportes de información
 - Actualizacións e edición de material de información impreso
 - Videotelling (para web e redes sociais)
2. Promoción
 - Organización do Festival de Sendeirismo ou RAID (bici-piragua-escalada-carreira).
 - Pasaporte ás nubes de Ribeira Sacra (Ribeira Sacra en Globo).
3. Creación de produto:
 - 3.1 Rutas do Románico Ribeira Sacra.
 - 3.2 Viñobús Turístico.
 - 3.3 Programación caída da folla.
 - 3.4 Catálogo de novos produtos turísticos: Unha vez analizados os resultados dos produtos lanzados en anteriores edicións farase unha selección para a promoción dos máis consolidados e daqueles outros que destaquen pola súa potencialidade para atraer a determinados segmentos de mercados, cun perfil especializado para o que Ribeira Sacra tería moito que achegar. Entre as propostas que valoradas estarían:
 - XEOLOXÍA: Xornadas de divulgación xeolóxica
 - CIENCIA: Xornadas de turismo científico
 - ARTESANÍA: Xornadas de artesanía
 - GASTRONOMÍA: Xornadas gastronómicas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e



fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas. Os consorcios locais son Entidades Locais dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos que veñen determinados nos seus respectivos estatutos.

Terceiro.- No artigo 5 dos Estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, establécense como fins do mesmo: planificar, xestionar e promover o desenvolvemento turístico da zona, fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinando todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto no ámbito do consorcio, fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona entre outros.

Cuarto.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Ribeira Sacra, contribúen á potenciación do xeodestino que configura o ámbito desta comarca e á súa consolidación como destino turístico de interior e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse continuidade á colaboración establecida entre Axencia Turismo de Galicia e este Consorcio a través do Plan de Dinamización do Produto Turístico da Ribeira Sacra e os posteriores convenios postplan.

Quinto.- Os obxectivos que se propoñen acadar a través deste convenio son: a renovación do material de promoción; a consolidación dos produtos turísticos; a priorización das accións de promoción; a difusión e dinamización dos valores patrimoniais, turísticos, paisaxísticos e medio ambientais da Ribeira Sacra e a comercialización dos produtos turísticos consolidados. Ao mesmo tempo, procúrase a través deste convenio a sensibilización tanto aos visitantes como aos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor un patrimonio natural, artístico e cultural que, ademais de ter unha clara proxección turística, é un importante factor de dinamización económica do xeodestino.



Que a través deste convenio, outórgase ao Consorcio Turismo Ribeira Sacra unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

